

**CONTIDOS****1.ª AVALIACIÓN**

Revisión da flexión verbal e nominal. Formas non persoais do verbo. Verbos irregulares.

Os xéneros literarios latinos.

Lecturas(1)

Expresións latinas(1)/Evolución do latín

Análise e tradución de textos acordes á materia dada.

**2.ª AVALIACIÓN**

Revisión da flexión pronominal. Conxugación perifrástica. Oracións simples e compostas. Coordinación e subordinación. Subordinación relativa e substantiva.

Estudio diacrónico da literatura latina.

Lecturas(2)

Expresións latinas(2). Evolución do latín(2). Composición e derivación. Etimoloxía

Análise e tradución de textos acordes á materia dada.

**3.ª AVALIACIÓN**

Subordinación adverbial. Panorama xeral da morfosintaxe latina

Principais representantes, por xénero literario, da literatura latina.

Lecturas(3)

Composición e derivación(2). Etimoloxías(2)

Análise e tradución de textos acordes á materia dada.

*Nota: Os contidos e a súa distribución estarán suxeitos a cambios en función da información que se teña sobre a reválida.*

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Actitude	10		
Conceptos e procedementos	90	Probas escritas	80
		Traballos	10
		Lecturas	

Haberá un número mínimo de 4 probas escritas por avaliación, abrangendo globalmente tódolos bloques de contidos, malia con distinto peso. As probas escritas complementarase cos traballos prácticos realizados na casa ou en clase e o desempeño do traballo diario na aula. O peso dos bloques 2, 3 e 5 (morfoloxía, sintaxe e textos suporán o 70% da cualificación das probas escritas quedando o 30% restante para os demais bloques. As probas poderanse centrar en determinados bloques ou ser combinación de todos ou a maioría deles. A media das probas suporá o 80% da nota complementada polo traballo diario e a actitude ata acadar o 100% da cualificación. A avaliación será continua, recuperando cada unha a anterior. A nota final sairá das notas parciais de avaliación, contando 1/6 a 1ª, 1/3 a 2ª e 1/2 a 3ª, sen perxuízo do cumprimento do exposto anteriormente. Cando o resultado das operacións anteditas sexa un dígito igual ou superior a 5 considerarase a avaliación ou a materia, segundo o caso, aprobada.

Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves, ata un máximo de 1 punto

No caso de detectar que se copia nos exames retirase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

**PLAN DE LECTURA ANUAL**

Polo de agora mantemos o mesmo programa de lecturas, suxeito polo tanto, a variacións, da selectividade

Lecturas Obrigatorias: Apolo e Dafne/Orfeo e Eurídice. Píramo e Tisbe. Catuli Carmina. O episodio de Lucrecia.

Discursos de Agrícola e Calgaco. Comedia de Plauto e/ou película "Golfus de Roma". Fábulas de Fedro.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...**

**Actividades extraescolares:** Este apartado queda no aire polo de agora. A escaseza de alumnos e a actual coxuntura económica dificultan a planificación deste tipo de actividades. Dependemos da coordinación con outros departamentos para que a actividade non sexa pouco rendible. Ó marxe disto, contamos coa posibilidade de acudir a algunha representación de teatro clásico, sempre que sexa pola nosa zona e non supoña un esforzo económico desmedido.

**Contribución ó uso das TIC:** Utilizar contidos de internet vencellados ós diferentes aspectos da asignatura (v. recursos didácticos)

